

MODIFICACIÓN CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

1º/2º EDUCACIÓN PRIMARIA

Os criterios de cualificación para as materias de CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS, LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA E MATEMÁTICAS, por avaliación en relación cos instrumentos de avaliación son:

• **TÁBOA EXPLICATIVA PORCENTAXES:**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	1º/2º EDUCACIÓN PRIMARIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Valoración dos contidos e competencias adquiridas.	30% (3 puntos)	Probas escritas (fichas Reforzo/Ampliación)
Exposicións orais. Expresión oral. Escoita e comprensión. Creatividade oral-imaxinación Valoración dos contidos e competencias.	40% (4 puntos)	Probas orais
Atención-participación. Traballo individual na aula. Coidado do material. Caderno. Esforzo.	20% (2 puntos)	Rexistro Anecdótico Caderno de aula e libro
Actitude e comportamento do alumno.	10% (1 punto)	Observación e rexistro individual

- **INSTRUMENTOS DE AVALIACI3N:**

Tal como se mostra na t3boa anterior, a avaliaci3n farase seguindo os **procedementos e instrumentos** seguintes:

- **Observaci3n sistem3tica** na aula sobre os logros que se van acadando, as dificultades que se poñen de manifesto, as3 como a intensidade e esforzo que pon de manifesto na realizaci3n das tarefas.
- **Traballo na aula.** Ref3rese ao traballo do alumno/a na aula e que 3 observado pola mestra. Terase en conta o que o alumno 3 capaz de facer na aula e no seu caderno: planificar o traballo, resolver actividades e tam3n corr3xilas axeitadamente. Tam3n se refire a actividades que se desenvolvan oralmente.
- **Intercambios orais** cos alumnos/as, ben para asegurar a compresi3n de conceptos ou para mellorar a expresi3n oral.
- **Probos escritas** (fichas de Reforzo/Ampliaci3n).

- **ANOTACIONES IMPORTANTES:**

- A **cualificación de cada trimestre** será a suma proporcional das cualificacións obtidas nos distintos apartados da táboa de porcentaxes citada anteriormente.
- A **nota final de curso (Avaliación Ordinaria)** será a media aritmética das tres avaliacións.
- Os **resultados da avaliación**, atendendo á lexislación vixente, expresaranse tendo en conta os seguintes ítems:
 - De 1 a 4: Insuficiente (IN)
 - 5: Suficiente (SU)
 - 6: Ben (BE)
 - De 7 a 8: Notable (NT)
 - De 9 a 10: Sobresaliente (SB)
- A aplicación do **redondeo** realizarase seguindo a lexislación educativa actual, redondeando á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
- A nota do apartado (**actitude e comportamento do alumno**) suporá un 10% da nota final, só terá valor sumativo, nunca baixará a nota final.
- **Para superar cada avaliación das diferentes materias deberán de obter como mínimo un 5** entre todos os apartados da táboa explicativa de porcentaxes. Ao ter carácter continuo, no momento que supere a avaliación actual, a/as avaliacións anteriores quedarán aprobadas de estar pendentes.

- No caso de que un alumno teña alguna materia pendente dun nivel anterior ao que se atopa (ben sexa, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Lingua Castelá, Lingua Galega ou Matemáticas), **esta quedará superada no momento que acade os mínimos esixidos no trimestre actual no que se atope.**

- Todo alumnad@ con algunha avaliación suspensa, ben sexa do curso académico actual ou de cursos académicos anteriores recibirá un "**Plan Específico de Reforzo Educativo**" que abarcará os seguintes ítems:
 - a) Áreas que precisan Reforzo Educativo, temporalización e responsables (profesorado implicado)
 - b) Actuacións e medidas de atención á diversidade:
 - Ámbitos a reforzar.
 - Medidas ordinarias (adaptacións dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación, organización e xestión da aula...).
 - c) Actuacións no ámbito curricular (áreas con Reforzo Educativo).
 - d) Control e seguemento do Reforzo Educativo.
 - e) Valoración e propostas de mellora dese Reforzo Educativo.

- As porcentaxes citadas na táboa explicativa anterior varían lixeiramente na área de Educación Artística (Plástica) por non realizarse probas escritas. Así pois na área de **Educación Artística (Plástica)** a porcentaxe repartirase ao 50% entre Plástica e Música, sendo necesario para facer esta media non ter menos dun 25% en ambas as dúas materias.

- En caso de ter que desenvolver **un proceso de Ensino/Aprendizaxe a distancia ou semipresencial**, os criterios de cualificación en todas as áreas serán:

PROCEDEMENTO	INSTRUMENTO	PORCENTAXE
Observación sistemática	Rexistro anecdotario. Escala de observación	60% (6 puntos)
Análise das producións dos alumnos	Producións escritas e gráficas Probas escritas (fichas Reforzo/Ampliación)	40% (4 puntos)